

ESTRATEGIAS DE COEDUCACIÓN NA AULA DE EDUCACIÓN FÍSICA. UNHA EXPERIENCIA PRÁCTICA

Francisco Javier GUEDE GARCÍA
CEIP Amaro Refojo, Verín (Ourense)

I.- Introducción

Partindo da nosa principal función como docentes, cando pretendemos traballar un determinado valor co noso alumnado, como pode ser a cooperación, o respecto, o esforzo persoal e a capacidade de superación, a igualdade, a responsabilidade, a non discriminación ou calquera outro, deben xurdirnos inmediatamente dous interrogantes:

Por que?

Para que?

Dito doutro xeito, debemos preguntarnos cales son as necesidades que pretendemos cubrir e con que intencións.

Se temos intención de traballar a coeducación desde a aula de Educación Física, debemos responder, por tanto, a estas dúas cuestións: Por que debemos traballar a coeducación na aula de Educación Física? e que obxectivos pretendemos conseguir ao traballar a coeducación na aula de Educación Física?

Imos, por tanto, tentar responder estas dúas cuestións.

II.- Estratexias de coeducación en Educación Física

Entendemos por coeducación o desenvolvemento completo da persoa, sen barreiras creadas polos estereotipos e prexuízos de xénero, tanto para mozas como para mozos. Esta é a definición da coeducación que aparece no Plan Integral para a Actividade Física e o Deporte do Consello Superior de Deportes.

De que maneira podemos achegarnos ao obxectivo de lograr unha coeducación plena e real?

Esta pregunta ten unha resposta fácil de dicir, e non tan fácil de levar a cabo: desenvolvendo estratexias de coeducación.

a).- Estratexias de coeducación en EF. Por que?

A resposta a por que debemos desenvolver estratexias de coeducación na aula de Educación Física é pola evidente desigualdade de oportunidades da muller fronte ao home na vida.

Esta desigualdade apréciase en moitos eidos, pero fundamentalmente en tres:

- No reparto das tarefas do fogar
- No desenvolvemento profesional
- Nos xogos e deportes

1. No reparto das tarefas do fogar

O reparto das tarefas do fogar en moitas familias aínda non é equitativo, incluso a pesar de traballar os dous membros da parella fóra da casa. Normalmente, a muller asume moitos máis traballos e obrigas que o home e na maior parte dos casos o “peso” das tarefas do fogar, así como a intendencia, as compras, a análise das necesidades e o coidado dos/das fillos/as caen do lado da muller.

Así mesmo, adoitamos utilizar case sen querer unha linguaxe sexista, cando falamos das “amas de casa” sempre en feminino, e incluso cun ton despectivo, coma se non valesen para outra cousa que para estar na casa. Se a isto lle engadimos que o traballo de ama de casa é un traballo pouco creativo, repetitivo, non remunerado e nada valorado socialmente, vemos claramente que hai unha enorme desigualdade entre o home e a muller neste eido.

2. No desenvolvemento profesional

O primeiro punto en que vemos que hai discriminación cara a muller é na porcentaxe de altos cargos masculinos e femininos, tanto na empresa pública como na privada. A porcentaxe de altos cargos masculinos é infinitamente máis elevada que a de altos cargos femininos.

Mención especial merece o eido da educación. A porcentaxe de mulleres matriculadas en Galiza nos primeiros cursos de Maxisterio está arredor do 75%. Cal é a porcentaxe de inspectoras de educación, por poñer un exemplo?

Outro dos aspectos en que apreciamos a discriminación por razón de sexo é na diferenza de salario entre mulleres e homes. Isto xa non acontece na empresa pública, afortunadamente, pero aínda existen moitas empresas que teñen en conta o sexo á hora do salario.

Un dos puntos en que máis discriminación se produce é cando unha muller está embarazada. Aínda son moitas as empresas que as despiden unicamente por este motivo. Tamén é común, desgraciadamente, que non se lle conceda o tempo sen traballar de que, por lei, se debería beneficiar a nai para coidar a criatura acabada de nacer, así como as horas de lactación.

Por último, a acción máis denigrante e máis indicativa da desigualdade no eido laboral é o acoso sexual.

3. Nos xogos e deportes

A discriminación por razón de sexo nos xogos e deportes apreciámola na diferenciación histórica dentro da nosa cultura, ao separar os xogos en xogos “de nenos” e “de nenas”. Os xogos “de nenos” implicaban moita máis mobilidade, sempre relacionados coa actividade física; pola contra, os xogos “de nenas” eran en moitos casos pasivos, con moi pouca mobilidade e unha actividade física case nula.

O segundo punto en que apreciamos esta discriminación por razón de sexo dentro da actividade deportiva é no deporte profesional. A diferenza de soldos, o nulo recoñecemento por parte da sociedade do deporte feminino, a diferenza de seguimento polos medios de comunicación, as retransmisións deportivas, a prensa... son exemplos evidentes de que a igualdade neste ámbito aínda é unha quimera.

O terceiro punto que debemos destacar é unha concepción da Educación Física historicamente masculinizada, potenciando valores recoñecidos como “masculinos” e minimizando outros valores en que a muller podería ter, de inicio, algo de vantaxe.

b).- Estratexias de coeducación en EF. Para que?

Unha vez exposta a necesidade dunha Educación Física non sexista, imos ver que obxectivos pretendemos acadar traballando estratexias de coeducación:

1) Acadar un modelo de Educación Física máis diversificado (que permita o coñecemento e o aproveitamento do maior número posible de actividades físico-recreativas) e inclusivo (que non discrimine a ninguén por ningunha razón: sexo, idade, clase social, capacidade física etc).

2) Aumentar o interese da muller na actividade física, non só por saúde ou estética, senón tamén e sobre todo como medio de goce e diversión e opción para aproveitar o tempo de lecer.

3) Facer que desaparezan os estereotipos sexistas dentro da Educación Física.

Este debe ser o camiño para achegarnos ao desenvolvemento completo do noso alumnado, eliminando as barreiras creadas polos estereotipos e prexuízos de xénero.

Pero para poder acadar este obxectivo atopámonos cuns factores que van determinar o éxito da nosa empresa. Estes factores son: Que?, Quen? e Como?

III.- Factores que debemos ter en conta ao desenvolver estratexias de coeducación en Educación Física

Quen?

Á hora de desenvolver a nosa función docente, non debemos esquecer que co currículo da materia que impartimos transmitimos tamén o currículo oculto, é dicir, as nosas ideas sobre determinados temas, os nosos valores, as nosas fobias, as nosas esperanzas... Que pretendemos dicir con isto? Que non chega con insistirle ao noso alumnado na necesidade de que sexan persoas con valores positivos como a solidariedade, o respecto, a igualdade etc. Temos que “predicar co exemplo”, pois vai influír máis a nosa actitude que as nosas palabras.

Aínda hoxe, en pleno século XXI, quedan “cavernícolas” que levan a cabo sistematicamente discriminacións co seu alumnado por razóns de sexo. Afortunadamente quedan cada vez menos, pero hai algúns.

A estes únenselles aqueles que, por costume ou por comodidade, permiten que sigan existindo estas discriminacións.

Por último, atopámonos casos de persoas que teñen a intención de traballar coeducando, pero carecen da formación necesaria e, ao deixarse levar pola rutina ou pola desidia, acaban claudicando, sen chegar a desenvolver unha coeducación plena e real.

Pero non abonda coa personalidade dos/das docentes. O primeiro paso é ter a formación necesaria para levar a cabo estratexias de coeducación, mais iso ten que traducirse en accións concretas dentro da nosa actividade docente, o que nos leva ao que? e ao como?.

Que?

Cando falamos do “que?”, estamos aludindo ao currículo que tentamos desenvolver. Ao falar de “accións concretas”, referímonos a cales van ser as unidades didácticas que imos levar a cabo para lograr unha igualdade efectiva na

práctica da Educación Física. Así, podemos poñer en marcha fundamentalmente dúas accións:

Tentar atopar actividades que, de inicio, favorezan as rapazas, é dicir, buscar unha discriminación positiva. Todas aquelas actividades que inclúan xogos e exercicios de coordinación, ritmo, flexibilidade, servirán, como mínimo, para que o alumnado feminino non parta con desvantaxe con respecto ao masculino.

A segunda acción está moi relacionada coa primeira: debemos potenciar e traballar unidades didácticas orixinais, que enganchen e sorprendan o alumnado, fuxindo das clásicas, buscando a máxima participación e o gozo coa actividade física.

Algunhas delas poden ser a corda, o aeróbic, os xogos e deportes alternativos, os malabares, os hula hops etc.

Xa temos as actividades que imos desenvolver. Veremos agora de que xeito as podemos poñer en funcionamento para lograr unha coeducación efectiva.

Como?

O labor docente é fundamental á hora de poñer en marcha estas accións: primeiro, seleccionando actividades o suficientemente atractivas para ambos os sexos; estas actividades deben ser inclusivas e participativas, buscando a máxima riqueza motriz e fuxindo de resultados.

Outro punto en que o papel do profesorado nos parece básico é na distribución do alumnado para o desenvolvemento das sesións: o traballo por parellas, en pequenos e grandes grupos, a variedade, as consignas que orixinen interacción entre o alumnado dun xeito natural, provocarán que a desinhibición e a espontaneidade sexan valores habituais nas nosas clases, enriquecéndoas.

Debemos tamén involucrarnos nos xogos, non limitarnos a ser observadores/as externos/as. O alumnado debe percibir que gozamos xogando.

Por último, non debemos esquecer que non somos meros/as transmisores/as de información; en cada palabra, en cada xesto estamos transmitindo sensacións e valores. Se estes valores son a igualdade, a solidariedade, a empatía, a cooperación, o respecto ás diferenzas individuais, o respecto ás normas, o esforzo, o traballo ben feito, o respecto ás persoas maiores, ao medio ambiente etc, non debe existir dúbida de que estamos moi cerca da COEDUCACIÓN con maiúsculas.

IV.- Experiencias prácticas de coeducación

<http://www.youtube.com/watch?v=3USrMHHnrOU> (aerobic)

<http://www.youtube.com/watch?v=G8zRlCiIgrw> (comba)

Referencias bibliográficas

Consejo Superior de Deportes (2009 a) *Plan Integral para la Actividad Física y el Deporte*. Versión 1. Disponible en: <http://www.csd.gob.es/csd/estaticos/plan-integral/PlanIntegralAD1.pdf> [Consulta: 2010, 1 de octubre].

Consejo Superior de Deportes (2009 b). *Plan Integral para la Actividad Física y el Deporte. Igualdad Efectiva entre mujeres y hombres*. Versión 1. Disponible en: <http://www.csd.gob.es/csd/estaticos/plan-integral/igualdad.pdf> [Consulta: 2010, 1 de octubre].

Consejo Superior de Deportes (2009 c) *Manifiesto por la igualdad y participación de la mujer en el deporte*. Disponible en: <http://www.csd.gob.es/csd/promocion/mujer-y-deporte/manifiesto-por-la-igualdad-y-la-participacion-de-la-mujer-en-el-deporte/view> [Consulta: 2010, 1 de octubre].

ALFARO, Élida (2008) “Los retos de la mujer en la universidad: medidas y propuestas”. Disponible en: http://www.upm.es/sfs/Rectorado/Gabinete%20del%20Rector/Asociacion%20ASEM/curso%20verano%202007/CURSOVERANO2_ELIDA_ALFARO.pdf [Consulta: 2011, 1 de febrero].

MAÑERU, Ana (1991) *Educación para la Igualdad de oportunidades de ambos sexos*. Edita Ministerio de Educación y Ciencia, Gobierno de España

PUJOL, María ·Rosario (1989) “La igualdad de oportunidades en Educación para niños y niñas y la Formación del Profesorado”. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 6, pp. 661-669 [1989] Universitat de Barcelona.